

## MÚSICA

Aproveita estes días para relaxarte escoitando as obras musicais traballadas en clase como *A Danza Macabra*, *O Carnaval dos animais* (C. Saint Saéns), *Alla turca*, *Pequena Serenata Nocturna* (W. A. Mozart)...

É un bo momento para volver a escoitar a *Primavera* de A. Vivaldi e... Quen sabe! Ao mellor descubres datos novos e á volta podes compartilos con nós.

Podes tamén cantar as cancións aprendidas na clase ou outras de actualidade, tocar na frauta as partituras traballadas ou buscar por internet novas, bailar as coreografías que fixemos ou aprender outras de zumba con música do teu estilo, facer percusión corporal ou percusión co que atopas na casa...

O importante é que cantes e que movas o esqueleto, que utilices todas esas actividades que te axuden a pasar un bo rato!

Incluso podes facer as actividades de relaxación que faciamos na clase con música, só tes que elixir algo tranquilo e deixar que a túa imaxinación faga o resto...

Saudiños e moito ánimo!

Pronto vos faremos chegar un novo reto musical!

Malena e Lara

